



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA

FeQ
3ºESO

2021-22

PROFESOR	Juan José Guillín Fraga		
CONTIDOS	<p><u>1º TRIMESTRE</u></p> <p>-A actividade científica: O método científico. A medida. O traballo no laboratorio.</p> <p>-Tarefa transversal sobre os estados da materia: a química na cociña.</p>	<p><u>2º TRIMESTRE</u></p> <p>-Disolucións. Concentración en g/L e % en masa. Gráficas de Solubilidade.</p> <p>-A materia: O átomo, modelos, etiquetado, radioactividade, táboa periódica, enlace.</p> <p>-Formulación e nomenclatura química de compostos binarios (IUPAC)</p>	<p><u>3º TRIMESTRE</u></p> <p>-Formulación e nomenclatura química de compostos binarios (IUPAC)</p> <p>-Cambios químicos. Leis asociadas. Axuste de ecuacións químicas. Cálculos estequiométricos básicos. A química, sociedade e medio ambiente.</p>
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 70% • Traballos de investigación (rúbrica): 5% • Proba de comprensión lectora: 5% • Iniciativa: 5% • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 15% <ul style="list-style-type: none"> • Intentarase que haxa 2 exames por avaliación pero serán as circunstancias do momento as que así o determinen porque a carga lectiva desta materia é moi baixa. En caso de que haxa 2, farase a media aritmética entre eles para obter a nota global da parte conceptual. Se se pode levar a cabo a actividade de química na cociña no primeiro parcial farase só unha proba de coñecementos teóricos que suporá 5 puntos da nota total mentres que 2 puntos corresponderán á tarefa de química na cociña. Os 3 puntos restantes distribuiranse segundo a ponderación anterior entre traballos, iniciativa, comprensión lectora e observación diaria. • Será obrigada a entrega de 1 traballo con exposición incluída durante todo o curso. O alumnado decide cando o entrega. Non obstante, de forma voluntaria, pode optar por entregar 1 en cada avaliación. • Cando non se entregue nada de traballo nin de iniciativa, a porcentaxe de nota que lles correspondería acumularase ao apartado de OBSERVACIÓN DIARIA. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. Esta proba só permite conducir a unha nota final de recuperación no exame de 5 ou, como moito, de 6 se a realización da proba é excelente (>7). A suma das ponderacións dos outros aspectos avaliados determinará se acadou o 5 MÍNIMO para conseguir o aprobado na avaliación. • A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta 		

	<p>media teranse en conta as notas de todas as probas realizadas no curso SEN REDONDEAR.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Despois da avaliación ordinaria, no mes de xuño de 2022, os que suspendan a materia terán unha proba extraordinaria para intentar demostrar que acadaron os mínimos.
PLAN DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,75 ptos dos 10 totais. • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas: <ul style="list-style-type: none"> -“los niños en la cocina”-Hervé This. -“¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos”-Javier Fernández Panadero. -“El origen del Universo”-Lucy&Stephen Hawking. -“La clave secreta del Universo”- Lucy&Stephen Hawking.
TIC	<ul style="list-style-type: none"> • Promoverase o uso de ferramentas TIC nas exposicións de traballos e na comunicación co profesor por vía electrónica, sobre todo pola posibilidade de ter que substituír a ensinanza presencial pola telemática en función das recomendacións dadas polas autoridades sanitarias. A plataforma empregada será a aula virtual do IES Mugardos.
ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none"> • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia, ou cos procesos físicos ou químicos que nos rodean, aínda que todo estará supeditado ás circunstancias do momento relacionadas coa situación de pandemia mundial. • Intentarase desenvolver algunha actividade relacionada co tema propio do centro no curso 2021-22: O MAR, dándose un enfoque propio desde esta materia.